

**RESOLUCIÓN REITORAL DE 26 DE MARZO DE 2026 POLA QUE SE CONVOCAN DÚAS AXUDAS PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL INVESTIGADOR PREDOUTORAL EN FORMACIÓN ASOCIADO AOS «PROYECTOS DE GENERACIÓN DE CONOCIMIENTO 2024».**

O Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades xunto coa Agencia Estatal de Investigación convocaron mediante a Orde de 9/12/2024 o procedemento de concesión de axudas a «Proyectos de Generación de Conocimiento» e as actuacións para a formación de persoal investigador predoutoral asociadas aos devanditos proxectos, no marco do Plan Estatal de Investigación Científica, Técnica e de Innovación 2024-2027.

A devandita Orde, que contempla axudas para contratos predoutorais cofinanciadas pola Unión Europea a través de FEDER, establece no seu artigo 12 que corresponde ás entidades beneficiarias das axudas o proceso de avaliación e selección das persoas que se contraten como persoal investigador en formación que deberá garantir os principios de concorrencia, publicidade e transparencia, podendo realizar este proceso previamente a que se publique a resolución de concesión.

Unha vez realizada pola Universidade de Vigo a selección de persoal investigador en formación para cada un dos proxectos beneficiarios de axuda mediante a R.R. do 25/02/2026, e non sendo posible a contratación de persoal pola renuncia da persoa adxudicataria no proxecto PID2024-162270OB-I00 e quedar deserta a axuda no proxecto PID2024-155465OB-C21, conforme á referida Orde e vistas a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, as disposicións aplicables da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e as súas normativas de desenvolvemento e en virtude das facultades que lle outorgan a Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario e o artigo 81 do Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aprobaron os estatutos desta universidade,

**ESTA REITORÍA RESOLVE:**

Publicar a convocatoria para a contratación de persoal investigador predoutoral en formación asociada aos «Proyectos de Generación de Conocimiento 2024» beneficiarios da Universidade de Vigo conforme ás bases reguladoras sinaladas nos anexos desta convocatoria.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á súa publicación, de

conformidade co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produciu a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 de a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

**O REITOR**

P.D. R.R. 30/05/2024 (DOG de 10 de xuño)

A vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación

## ANEXO I- BASES REGULADORAS

### ÍNDICE

1. Obxecto da convocatoria.
2. Características das axudas.
3. Requisitos para a presentación de solicitudes.
4. Órgano instructor.
5. Contido das solicitudes.
6. Formalización das solicitudes e prazo de presentación.
7. Emenda de solicitudes.
8. Avaliación e selección de solicitudes.
9. Concesión das axudas.
10. Modalidade contractual.
- 11 Período de orientación posdoutoral.
12. Interrupcións dos contratos.
13. Renuncias
14. Estadías en centros de I+D.
15. Dereitos e deberes.
16. Réxime de incompatibilidades.
17. Seguimento científico-técnico.
18. Obrigas de difusión.
19. Reintegro.
20. Réxime normativo.
21. Prazo máximo de resolución.
22. Medios de publicidade.
23. Réxime de tratamento de datos.
24. Transparencia.

Anexo II - Proxectos de Generación del Conocimiento, 2024 con axudas para a contratación de persoal investigador predoutoral en formación.

Anexo III- Detalle prazas ofertadas.

Anexo IV- Formulario de solicitude.

### 1. *Obxecto da convocatoria.*

A presente convocatoria de axudas ten por obxecto seleccionar por concorrencia competitiva a persoas que estean a realizar a súa tese de doutoramento na Universidade de Vigo para que, en función da súa capacitación e formación, poidan converterse en novo persoal investigador en formación mediante a formalización dun contrato predoutoral asociado a un dos proxectos de investigación que obtivesen financiamento na convocatoria para o ano 2024 de axudas a «Proyectos de Generación de Conocimiento» e a actuacións para a formación de persoal investigador predoutoral.

### 2. *Características das axudas*

Convócanse 2 axudas para a contratación de persoal investigador en formación de nova adxudicación dunha duración de 4 anos sen posibilidade de prórroga, salvo cando a interrupción do contrato sexa motivada por algunha das situacións recollidas na base doce desta convocatoria.

O período de desfrute de cada contrato comezará a contar dende a data de inicio do contrato que será necesariamente o día 1 do mes que corresponda. A incorporación deberá producirse nun prazo máximo de seis meses a contar dende o día seguinte ao da publicación na páxina web da Agencia Estatal de Investigación da resolución de concesión das axudas a «Proyectos de Generación de Conocimiento, 2024»

Estas axudas establecen relación contractual temporal e non supoñen ningún compromiso posterior de incorporación á Universidade de Vigo.

A dotación total para cada contrato, que inclúe os custos sociais, é de 134.200,00 euros distribuídos do seguinte xeito:

	Anualidade 1	Anualidade 2	Anualidade 3	Anualidade 4	Total
Contrato	31.000 €	31.000 €	31.000 €	31.000 €	124.000 €
Indemnización fin contrato	800€	800 €	800 €	800 €	3.200 €
Estadías investigación					6.000 €
Matrícula doutoramento					1.000 €
				<b>Total</b>	<b>134.200 €</b>

As matrículas de doutoramento que se financiarán son as dos cursos 2025/26, 2026/27, 2027/28 e 2029/30 sempre que se manteña a relación contractual predoutoral coa Universidade de Vigo.

A retribución do contrato non poderá ser inferior ao 75 % do salario fixado para as categorías equivalentes nos convenios colectivos do seu ámbito de aplicación durante calquera das anualidades. Tampouco poderá ser inferior ao salario mínimo interprofesional que se estableza cada ano, segundo o artigo 27 do Texto Refundido da Lei do estatuto dos(as) traballadores(as). Para o establecemento das retribucións anteriores tomarase como

referencia mínima a categoría correspondente ao grupo profesional M3 de persoal laboral da táboa salarial recollido no convenio único de persoal laboral da Administración General del Estado.

Cada contrato irá vinculado de maneira unívoca a un dos proxectos de investigación que aparecen relacionados no anexo II desta convocatoria.

Os fondos destinados a esta acción irán con cargo á aplicación orzamentaria capítulo I (PP 0000 421S 140.06 «Persoal investigador subvencionado – MEC») e á aplicación 00VI 131H 481.03 «Bolsas estadias FPI»

### **3. Requisitos para a presentación de solicitudes.**

As persoas solicitantes das axudas previstas deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Estar matriculada nun programa de doutoramento da Universidade de Vigo a tempo completo no curso 2025/26 ou estar en disposición de matricularse na data de formalización do contrato.
- b) Non ter iniciada a súa formación predoutoral con financiamento doutras axudas destinadas á formación predoutoral a través do desenvolvemento dunha tese de doutoramento que se outorgasen no marco do Plan Estatal de Investigación, Científica e Técnica ou dalgún dos anteriores plans nacionais.
- c) Non posuír un título de doutora ou doutor.

### **4. Órgano instructor.**

As actividades de ordenación e instrución do procedemento de concesión corresponden á Vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación que estará asistida polo Servizo de Recursos Humanos de Investigación como unidade de xestión.

### **5. Contido das solicitudes.**

As solicitudes dirixiranse ao reitor da Universidade de Vigo, xunto coa seguinte documentación:

- a) Formulario de solicitude conforme ao anexo IV.
- b) Copia de pasaporte só para as persoas extracomunitarias que empreguen o procedemento excepcional sinalado no último parágrafo da base sexta.
- c) Copia das certificacións académicas das titulacións universitarias que se posúan ou das ensinanzas superadas na data de presentación da solicitude expedidas e facilitadas pola entidade académica correspondente na que consten as cualificacións obtidas e a escala de cualificacións.
- d) Equivalencia de notas medias de estudos universitarios realizados en centros estranxeiros debidamente asinada, só para o caso de títulos estranxeiros.
- e) *Curriculum vitae* abreviado (**CVA**) conforme a modelo normalizado <https://cvn.fecyt.es/> onde deben constar especificamente as achegas científico-técnicas e a mobilidade e internacionalización así como a breve descrición do TFG e do TFM coas puntuacións obtidas.
- f) Declaración de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ao fronte da Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento algunha outra débeda con ningunha Administración Pública.

Cada solicitude poderá referirse a máis dun proxecto de investigación sinalado no anexo II desta convocatoria, pero os proxectos sinalados deben corresponder á mesma área temática.

#### **6. Formalización das solicitudes e prazo de presentación.**

O prazo de presentación das solicitudes será de vinte días hábiles que comezará a contar ao día seguinte da publicación desta convocatoria no taboleiro de anuncios da Universidade de Vigo.

O formulario de solicitude xunto coa documentación exixida na base quinta da convocatoria debe ser presentado a través da sede electrónica da Universidade de Vigo no seguinte enderezo <https://sede.uvigo.gal/> a través do procedemento «**SRHI-Axudas FPI**», pulsando o botón «Iniciar tramitación».

De xeito excepcional para este procedemento, unicamente as persoas de nacionalidade extracomunitaria, poderán usar medios de acceso á sede electrónica alternativos, para o cal deberán iniciar o procedemento enviando un correo electrónico a [estranxeiros@uvigo.gal](mailto:estranxeiros@uvigo.gal) antes de presentar a súa solicitude e con antelación suficiente ao día de peche do prazo de presentación.

#### **7. Emenda de solicitudes.**

Recibidas as solicitudes, e revisados os expedientes conforme ao establecido nas bases desta convocatoria, ditarase resolución provisional de persoas admitidas e excluídas coa súa causa de exclusión se a documentación achegada fose incompleta ou contivese erros emendables e as persoas solicitantes disporán dun prazo de dez días hábiles para que emenden a falta ou acheguen os documentos preceptivos. De non facelo, entenderase que desiste da súa solicitude previa resolución ditada conforme á Lei 39/2015 de 1 de outubro.

As alegacións deberán presentarse a través da sede electrónica da Universidade de Vigo no enderezo <https://sede.uvigo.gal/> mediante o procedemento «**SXER- Alegacións**».

Durante o período de emenda non se poderán reformular as solicitudes presentadas.

#### **8. Avaliación e selección de solicitudes.**

As solicitudes serán avaliadas polas comisións específicas indicadas en cada unha das contratacións ofertadas conforme aos seguintes criterios e subcriterios que aparecen detallados no anexo III :

Criterio 1: Traxectoria académica e/ou científico técnica da persoa candidata: ata 50 puntos

Subcriterio 1.a). Achegas científico-técnicas ( ata 45 puntos). Valorarase o expediente académico e outros méritos curriculares sinalados no CVA, así como a adecuación deles ás tarefas a realizar en función da formación e experiencia profesional.

Subcriterio 1.b): Mobilidade e internacionalización (ata 5 puntos): Valorarase a relevancia e o impacto na súa traxectoria investigadora das estadías da persoa candidata en centros nacionais e internacionais e no sector industrial, atendendo ao prestixio da entidade de recepción da estadía e a actividade desenvolvida nela.

Criterio 2. Adecuación da persoa candidata ás actividades de investigación a desenvolver (ata 50 puntos). Valorarase a adecuación da persoa candidata ao programa, proxecto ou actividades de investigación a desenvolver en función da súa formación e experiencia previas. Para isto, terase en conta o valor engadido que a realización do proxecto representará para a súa carreira investigadora, así como o valor achegado ao centro e ao equipo receptor.

Para a valoración dos méritos só se terá en conta a información contida no CVA e nas certificacións académicas das titulacións universitarias ou estudos realizados.

As comisións específicas de valoración elaborarán un informe por cada solicitude onde se describa o proceso de avaliación e selección e se xustifique a idoneidade da persoa seleccionada en base aos criterios e subcriterios publicados.

Así mesmo, propondrá a contratación da persoa seleccionada e elaborará unha lista de agarda ordenada polas puntuacións obtidas.

### **9. *Concesión das axudas.***

A vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación, á vista da proposta das comisións específicas ditará resolución provisional motivada de adxudicación e denegación das axudas. As persoas interesadas poderán formular alegacións contra esta resolución concedéndose para isto un prazo de 10 días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación da proposta polos medios indicados na base vintedous.

Unha vez examinadas as alegacións presentadas, a vicerreitora ditará a resolución definitiva de concesión, que expresará a relación de axudas concedidas, denegadas e, no seu caso, a listaxe de agarda. Unha vez recibida a non aceptación da axuda concedida definitivamente, farase un chamamento á seguinte persoa pola orde establecida na listaxe de agarda.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da súa publicación de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

### **10. *Modalidade contractual.***

As persoas seleccionadas serán contratadas baixo a modalidade de contrato predoutoral regulada no artigo 21 da Lei 14/2011, de 1 de xuño e o Real Decreto 103/2019, de 1 de marzo polo que deberá cumprir os requisitos para realizar o devandito contrato e ter matrícula activa na Universidade de Vigo no momento das formalizacións.

No caso de que a persoa seleccionada fose contratada baixo a modalidade de contrato predoutoral previamente, a duración do contrato non poderá exceder do máximo establecido no apartado c do mesmo artigo 21 da lei 14/2011.

En ningún caso poderán ser contratadas persoas que estean en posesión dun título de doutora ou doutor por calquera universidade española ou estranxeira.

#### **11. *Período de orientación posdoutoral.***

As persoas contratadas poderán acceder a un período de orientación posdoutoral (POP) cunha duración máxima de doce meses que nunca poderá superar os corenta e oito meses de execución da axuda descontando os períodos de interrupción temporal, destinado ao seu perfeccionamento e especialización profesional, cando obteñan o título de doutora ou doutor durante a execución da axuda.

#### **12. *Interrupcións dos contratos.***

Poderase solicitar a interrupción e a prórroga do contrato por algunha das situacións recollidas no parágrafo cuarto do artigo 21.c) da Lei 14/2011, de 1 de xuño para o que se deberá comunicar ao Servizo de Apoio á Investigación e o Desenvolvemento a causa que motiva a interrupción nun prazo máximo de dez días hábiles dende o día en que se produza.

No caso de incapacidade temporal durante o embarazo por causas vencelladas con el, poderase solicitar a interrupción e prórroga do contrato polo tempo que dure a devandita incapacidade temporal. No resto de casos de incapacidade temporal, só se poderá pedir a interrupción e prórroga do contrato cando a duración sexa por un período de polo menos de 2 meses consecutivos.

As interrupcións por causas diferentes ás anteriormente recollidas ou aquelas comunicadas fóra do prazo establecido poden non dar lugar á interrupción e prórroga do contrato.

#### **13. *Renuncias***

Se durante a execución da axuda se producira a extinción do contrato ou o desistimento del por parte da persoa contratada, poderase avaliar, seleccionar e contratar a outra persoa, cumprindo os requisitos establecidos nesta convocatoria, na lexislación laboral de aplicación e no Real Decreto 103/2019 de 1 de marzo. O período que transcorra entre a extinción ou desistimento do contrato e a incorporación da nova persoa non poderá ser superior a tres meses. En todo caso, a duración máxima da contratación en conxunto será de catro anos independentemente de que se contrate a diferentes persoas durante a actuación.

#### **14. *Estadías en centros de I+D.***

O financiamento de estadías que realicen as persoas contratadas ao longo do período de execución da axuda, tanto na etapa predoutoral como na fase POP, en centros de I+D diferentes aos que estean adscritas co fin de que poidan realizar actividades beneficiosas para mellorar a súa formación e impulsar o desenvolvemento da súa tese de doutoramento, así como completar e afianzar a formación investigadora adquirida.

As estadias deberán asegurar un grado de mobilidade e/ou internacionalización á que non tivese accedido por formación académica anterior ou por outros factores tales como residencia ou nacionalidade e, en ningún caso, ocasionar un retraso na finalización dos estudos de doutoramento. Na fase POP estas estadias poderán empregarse para complementar a formación predoutoral e orientar as futuras liñas de traballo da etapa posdoutoral.

As estadias poderán realizarse noutros centros de I+D, públicos ou privados, incluíndo empresas, estranxeiros ou españois, sempre que os centros estean situados nunha localidade distinta á do centro no que se desenvolve a actividade.

A duración mínima das estadia será dun mes de forma ininterrompida, contada a partir da data de incorporación ao centro receptor e dentro do período de execución da axuda.

A realización da estadia debe ser comunicada ao Servizo de Investigación e Apoio ao Desenvolvemento para o que se enviará unha mensaxe información da intención de realizala cunha antelación mínima dun mes ao seu inicio.

### ***15. Dereitos e deberes.***

As persoas beneficiarias das axudas están obrigadas a destinar a axuda á finalidade para a que foi concedida e a cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da Lei 38/2013, de 17 de novembro xeral de subvencións que lles sexan de aplicación.

O persoal investigador predoutoral contratado poderá colaborar en tarefas docentes con finalidades formativas ata un máximo de 180 horas durante a extensión total do contrato e sen que en ningún caso poidan superar as 60 horas anuais, logo da conformidade de quen lle dirixa a tese de doutoramento e por proposta do departamento implicado, que o aprobará no seu POD. A docencia impartida limitarase a ensinanzas prácticas ou suplencias e en ningún caso poderán encargarse dunha materia ou disciplina completa.

Así mesmo, corresponderanlle os dereitos e deberes específicos contemplados nos artigos 12 e 13 do Real Decreto 103/2019, de 1 de marzo, polo que se aproba o Estatuto do persoal investigador predoutoral en formación.

### ***16. Réxime de incompatibilidades.***

Os contratos financiados con cargo a estas axudas serán incompatibles coa vixencia de calquera outro contrato laboral e coa percepción de calquera contía que teña natureza salarial, cando esto prexudique a finalidade investigadora e formativa da axuda e/ou se produza no mesmo horario, así como a percepción doutras axudas que teñan unha finalidade análoga.

Non obstante o anterior, o persoal investigador predoutoral en formación contratado poderá percibir complementos non salariais provenientes do proxecto de I+D asociado así como axudas complementarias para fomentar a mobilidade do persoal investigador sempre que estas axudas non impliquen a formalización de contratos laborais ou outras axudas destinadas á asistencia a congresos, reunións ou xornadas científicas. En

todo caso, as actividades que se deriven das axudas anteriores non deben menoscabar ou interromper a finalidade da axuda predoutoral.

### **17. Seguimento científico-técnico.**

O persoal investigador predoutoral en formación contratado deberá elaborar dous informes de seguimento científico-técnico, un intermedio e outro final, este último relativo a todo o período de execución da axuda incluíndo a fase POP no seu caso, empregando os modelos dispoñibles para isto na páxina web da Agencia Estatal de Investigación.

O informe intermedio incluírá o período comprendido entre a súa incorporación á Universidade de Vigo e o mes vixésimo da axuda e o informe final o resto do período ata a finalización da execución da axuda.

Os informes incluírán a descrición do realizado e do cumprimento do programa de formación durante o período comprendido no informe e, no seu caso, plan de traballo para o resto do período de execución da axuda, facendo unha referencia específica á situación, evolución e obtención da tese de doutoramento. Nos informes incluírase, no caso de terse realizado estadías, descrición delas (centro e grupo receptor, duración etc.) e actividades desenvolvidas.

Adicionalmente, xunto aos informes de seguimento, achegarase o *curriculum vitae* actualizado da persoa contratada.

O resultado da avaliación do informe intermedio que realizará a Subdivisión de Programas Temáticos Científico-Técnicos será determinante para manter a continuidade do financiamento do contrato.

A Universidade de Vigo poderá pedir informes de seguimento adicionais aos exixidos pola Agencia Estatal de Investigación.

### **18. Obrigas de difusión.**

O persoal investigador predoutoral en formación contratado ten a obriga de dar publicidade ao carácter público do financiamento do seu contrato facendo referencia expresa á convocatoria, á Agencia Estatal de Investigación e ao cofinanciamento por parte da Unión Europea nas publicacións, relatorios, actividades de difusión de resultados e calquera outra actuación derivada do desenvolvemento do contrato.

Para estes efectos a referencia ao financiamento por parte da Agencia Estatal de Investigación deberá realizarse do seguinte modo: «O contrato/publicación/resultado/equipamento/video/actividade/outros é parte da axuda REFERENCIA AXUDA, financiado por MICIU/AEI/10.13039/501100011033/FEDER,UE mediante un contrato na Universidade de Vigo.»

### **19. Reintegro.**

O incumprimento das obrigas contidas nesta convocatoria ou na demais normativa aplicable, así como das condicións que, se é o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga da persoa beneficiaria de devolver total ou parcialmente a subvención percibida así como, no seu caso, os xuros de mora correspondentes.

## **20. Réxime normativo.**

Esta convocatoria sométese ao réxime de axudas públicas establecido na Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro polo que se aproba o regulamento que a desenvolve así como á Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e as súas normativas de desenvolvemento.

Así mesmo, está informada, en canto ao non previsto nas súas bases ou o relacionado coa súa interpretación, pola *Orde pola que se aproba a convocatoria de tramitación anticipada para o ano 2024 do procedemento de concesión de axudas a «Proyectos de Generación de Conocimiento» e a actuacións para a formación de persoal investigador predoutoral asociadas aos devanditos proxectos, no marco do Plan Estatal de Investigación Científica, Técnica e de Innovación 2024-2027* e polas súas bases reguladoras aprobadas mediante a Orden CIN/1025/2022, de 27 de outubro que se poden consultar no seguinte enlace: <https://www.aci.gob.es/convocatorias/buscador-convocatorias/proyectos-generacion-conocimiento-2024/convocatoria>

## **21. Prazo máximo de resolución.**

O prazo máximo para resolver e publicar a resolución do procedemento no poderá exceder de seis meses, contados desde a data de remate do prazo de presentación de solicitudes. O vencemento do prazo máximo indicado sen terse publicada a resolución lexítima as persoas interesadas para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión das axudas.

## **22. Medios de publicidade.**

Todas as resolucións referidas a esta convocatoria serán publicadas para os efectos de notificación no taboleiro de anuncios da Universidade de Vigo cuxo enlace é o seguinte:

<https://sede.uvigo.gal/public/bulletin/bulletin-index.xhtml>

Complementariamente, toda a información referida a esta convocatoria será publicada no taboleiro de convocatorias da Universidade de Vigo cuxo enlace é o seguinte:

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/convocatoria/public/index>

Poderán realizarse as comunicacións individuais que resulten necesarias ao correo electrónico sinalado no formulario de solicitude sen que estas teñan a consideración de notificación.

## **23. Réxime de tratamento de datos.**

De acordo co disposto no artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección da persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos ou "RXPD") e co disposto no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámoslle que os datos que vostede nos facilite na solicitude, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade de Vigo, coa finalidade de xestionar a convocatoria

de axudas para la contratación de persoal investigador predoutoral asociado a proxectos de «Generación del Conocimiento 2024» e amparados pola Lei 14/2011, de 1 de xuño da ciencia, tecnoloxía e a innovación e a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Coa súa participación nesta convocatoria as persoas interesadas autorizan á Universidade de Vigo para a publicación dos seus datos, de acordo cos principios de publicidade e transparencia, cando así se derive da natureza desta convocatoria de axudas para la contratación de persoal investigador predoutoral asociado a proxectos de «Generación del Conocimiento 2024». Non obstante e co fin de previr riscos para a publicidade de datos persoais de vítimas de violencia de xénero, dita circunstancia deberá comunicala a persoa afectada coa maior celeridade posible á Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo ao teléfono 986 813419 ou ao enderezo electrónico [igualdade@uvigo.gal](mailto:igualdade@uvigo.gal)

Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e serán conservados durante o prazo necesario para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da dita finalidade e do tratamento dos datos.

Vostede ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a oporse ao devandito tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos.

Poderá exercer os devanditos dereitos mediante solicitude dirixida ao reitor da Universidade de Vigo e presentada ante o rexistro da Universidade de Vigo, ou calquera dos rexistros indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e remitida á Secretaría Xeral da Universidade de Vigo, Campus universitario Lagoas-Marcosende, 36310 Vigo (Pontevedra). Para máis información: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>

Igualmente poderá dirixir a dita solicitude directamente ao delegado de protección de datos cuxa identidade e datos de contacto son Miguel Á. Michinel Álvarez, enderezo postal Facultade de Dereito, Campus Universitario As Lagoas-Marcosende, s/n 32004 Ourense, enderezo electrónico: [dpd@uvigo.gal](mailto:dpd@uvigo.gal)

Así mesmo, vostede ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

#### **24. Transparencia**

1. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e co artigo 18 de la Lei 38/2003, de 17 de novembro xeneral de subvencións, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, así como as sancións que puideren impoñerse, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Universidade de Vigo, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano que concede xulgue que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**ANEXO II- PROXECTOS DE GENERACIÓN DEL CONOCIMIENTO 2024 CON AXUDA PARA FORMACIÓN PREDOUTORAL**

PRAZA	REFERENCIA	IPs	TÍTULO PROXECTO	CENTRO	ÁREA TEMÁTICA
1	PID2024-162270OB-I00	Marcos Curty Alonso	Comunicacións cuánticas prácticas, sinxelas e seguras.	Escuela Técnica Superior de Enxeñaría de Telecomunicación	Tecnoloxías da información e das comunicacións
2	PID2024-155465OB-C21	Alejandro Cabrera Crespo María Teresa de Castro Rodríguez	Resiliencia e optimización das unidades de blindaxe de rompeondas en aplicacións reais de enxeñaría mediante modelado numérico.	Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo	Producción industrial, enxeñaría civil e enxeñarías para a sociedade

**ANEXO III - Detalle prazas ofertadas**

**PRAZA 1- PID2024-162270OB-I00**

**DENOMINACIÓN DO PROXECTO:** Comunicacións cuánticas prácticas, sinxelas e seguras.

**Breve descripción das tarefas que desenvolverá o persoal investigador predoutoral contratado:**

Ler literatura científica. Analizar a seguridade das implementacións dos sistemas cuánticos de distribución de clave tendo en conta as imperfeccións dos dispositivos. Diseñar sistemas de distribución cuántica de clave que sexan máis robustos fronte ás imperfeccións dos seus dispositivos. Realizar simulacións numéricas sobre o rendemento destes sistemas. O traballo será esencialmente teórico, pero existe a posibilidade de facer un pouco de traballo experimental no laboratorio se a candidata ou candidato ten interese.

**Investigador/a principal:** Marcos Curty Alonso

**Área temática:** Tecnoloxías da información e das comunicacións

**Criterios de avaliación:**

<b>CRITERIO 1. TRAXECTORA ACADÉMICA E/OU CIENTÍFICO TÉCNICA</b>		
<b>Subcriterio</b>	<b>Concepto</b>	<b>Puntuación máxima</b>
<b>Achegas científico-técnicas</b>	Expediente académico acreditado de grao e mestrado.	20
<b>Achegas científico-técnicas</b>	Formación específica en mecánica cuántica, información cuántica e comunicacións cuánticas.	10
<b>Achegas científico-técnicas</b>	Participación en proxectos relacionados con tecnoloxías cuánticas e fotónicas.	10
<b>Achegas científico-técnicas</b>	Inglés.	5
<b>Total subcriterio</b>		<b>45</b>
<b>Mobilidade e internacionalización</b>	Mobilidade a nivel internacional (mínimo 1 mes)	3
<b>Mobilidade e internacionalización</b>	Mobilidade a nivel nacional (mínimo 1 mes)	2
<b>Total subcriterio</b>		<b>5</b>
<b>Total criterio</b>		<b>50</b>

<b>CRITERIO 2. ADECUACIÓN ÁS ACTIVIDADES INVESTIGADORAS DO PROXECTO</b>		
<b>Concepto</b>	<b>Puntuación máxima</b>	
Adecuación da persoa candidata en función da súa formación	20	
Adecuación da persoa candidata en función da súa experiencia previa	20	
Valor engadido para a carreira investigadora da persoa contratada	5	
Valor engadido para o centro e equipo receptor	5	
<b>Total criterio</b>		<b>50</b>

**Comisión de selección:**

<b>COMISIÓN DE SELECCIÓN</b>	
<b>Presidencia</b>	Marcos Curty Alonso, catedrático de universidade do departamento de Teoría do Sinal e Comunicacións (TSC) da Universidade de Vigo.
<b>Secretaría</b>	Francisco Javier Fraile Pélaez, catedrático de universidade do departamento de Teoría do Sinal e Comunicacións (TSC) da Universidade de Vigo.
<b>Vogal</b>	Inés García-Tuñón Blanca, profesora titular de universidade do departamento de Teoría do Sinal e Comunicacións (TSC) da Universidade de Vigo.
<b>Suplente</b>	Óscar Rubiños López, catedrático de universidade do departamento de Teoría do Sinal e Comunicacións (TSC) da Universidade de Vigo.

**PRAZA 2 - PID2024-155465OB-C21**

**DENOMINACIÓN DO PROXECTO:** Resiliencia y optimización de las unidades de blindaje de rompeolas en aplicaciones reales de ingeniería mediante modelado numérico

**Breve descripción das tarefas que desenvolverá o persoal investigador predoutoral contratado:** A persoa contratada desenvolverá modelos numéricos de alta fidelidade para avaliar a resiliencia e optimización das unidades de blindaxe de rompeolas en condicións reais de enxeñaría. Realizará análises de estabilidade, cargas hidrodinámicas e procesos de rotura, empregando técnicas de programación de altas prestacións (HPC) e validando os resultados con datos experimentais do proxecto coordinado. Participará tamén na preparación de publicacións científicas, presentacións en congresos e colaboración con institucións internacionais.

**Investigador/a principal:** Alejandro Jacobo Cabrera Crespo e M<sup>a</sup> Teresa de Castro Rodríguez

**Área temática:** Producción industrial, ingeniería civil e ingenierías para la sociedad (PIN)

**Criterios de avaliación:**

<b>CRITERIO 1. TRAXECTORA ACADÉMICA E/OU CIENTÍFICO TÉCNICA</b>		
<b>Subcriterio</b>	<b>Concepto</b>	<b>Puntuación máxima</b>
Achegas científico-técnicas	Expediente académico na titulación de grao	20
Achegas científico-técnicas	Expediente académico na titulación de mestrado	15
Achegas científico-técnicas	Experiencia en modelado numérico aplicado á enxeñaría mariña	5
Achegas científico-técnicas	Experiencia en programación de altas prestacións (HPC)	5
<b>Total subcriterio</b>		<b>45</b>
Mobilidade e internacionalización	Estadías en centros de investigación e/ou no sector industrial, atendendo ao prestixio da entidade e á actividade desenvolvida	5
<b>Total subcriterio</b>		<b>5</b>
<b>Total criterio</b>		<b>50</b>

<b>CRITERIO 2. ADECUACIÓN ÁS ACTIVIDADES INVESTIGADORAS DO PROXECTO</b>		
<b>Concepto</b>	<b>Puntuación máxima</b>	
Adecuación da persoa candidata en función da súa formación	15	
Adecuación da persoa candidata en función da súa experiencia previa	10	
Valor engadido para a carreira investigadora da persoa contratada	10	
Valor engadido para o centro e equipo receptor	15	
<b>Total criterio</b>		<b>50</b>

**Comisión de selección:**

<b>COMISIÓN DE SELECCIÓN</b>	
<b>Presidencia</b>	Alejandro Jacobo Cabrera Crespo, catedrático do departamento de Física Aplicada da Universidade de Vigo
<b>Secretaría</b>	Ramón Gómez Gesteira, catedrático do departamento de Física Aplicada da Universidade de Vigo
<b>Vogal</b>	M <sup>a</sup> Teresa de Castro Rodríguez, catedrática do departamento de Física Aplicada da Universidade de Vigo
<b>Suplente</b>	Inés Álvarez Fernández, catedrática do departamento de Física Aplicada da Universidade de Vigo

**AXUDAS PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL INVESTIGADOR PREDOUTORAL EN  
FORMACIÓN ASOCIADO A «PROYECTOS DE GENERACIÓN DEL CONOCIMIENTO 2024»**

**ANEXO IV - FORMULARIO DE SOLICITUDE**

**I- DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

<b>Apelidos e nome:</b>		
<b>DNI:</b>	<b>Xénero</b>	
<b>Enderezo:</b>		
<b>Teléfono:</b>		
<b>Enderezo electrónico:</b>		
<b>Matrícula nun programa de Doutoramento para o curso 2025/2026</b>	<b>SI</b>	<b>NON</b>

**II. PROXECTO/S PARA O/S QUE SE PRESENTA POR ÁREA TEMÁTICA:**

**TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DAS COMUNICACIÓNS**

PRAZA 1 – PID2024-162270OB-I00 Comunicacions cuánticas prácticas, sinxelas e seguras.

**PRODUCCIÓN INDUSTRIAL, ENXEÑARÍA CIVIL E ENXEÑARÍAS PARA A SOCIEDADE**

PRAZA 2 – PID2024-155465OB Resiliencia e optimización das unidades de blindaxe de rompeondas en aplicacións reais de enxeñería mediante modelado numérico.

**III. DOCUMENTACIÓN ADXUNTA:**

Copia do pasaporte, no seu caso.

Copia da certificación académica do grao.

Copia da certificación académica do mestrado.

Equivalencia das notas medias de estudos universitarios realizados no estranxeiro.

*Curriculum vitae* abreviado conforme a modelo normalizado <https://cvn.fecyt.es/>

✓ A persoa solicitante DECLARA a certeza dos datos consignados no CV asociado a esta solicitude e manifesta coñecer as bases da presente convocatoria, comprometéndose, no caso de serlle concedida, a cumprir as condicións exixidas e a comunicar á Vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación calquera outra axuda concedida para a mesma finalidade e SOLICITA a admisión a trámite desta solicitude.

✓ Así mesmo, DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE que estou ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ao fronte da Seguridade Social e que non teño pendente de pagamento algunha outra débeda con ningunha Administración Pública así como me comprometo a manterme ao corrente das devanditas obrigas durante todo o tempo inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito ao cobro da subvención.

En \_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de 2026

*(Sinatura dixital)*